



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

CONCELLO DA CORUÑA

2016



PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL CONCELLO DA CORUÑA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA	4
2.1 Características xerais	
2.2 Índices demográficos	
2.3 Índices económicos	
2.4 Datos sobre emprego	
2.5 Datos sobre desemprego	
3. RECURSOS DA CONCELLARÍA DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	15
4. OBXECTIVOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	16
5. EIXES DE ACTUACIÓN	17
Eixe I. Participación cidadá	20
Eixe II. Diagnóstico socioeconómico e prospección laboral	21
Eixe III. Calidade e innovación	22
Eixe IV. Promoción do Emprego	23
Eixe V. Actividade empresarial e emprendemento	24
Eixe VI. Cooperación interinstitucional	26
Eixe VII. Estratexia transversal: O Concello como entidade xeradora de emprego	28
Eixe VIII. Responsabilidade sociolaboral	29
6. AVALIACIÓN E TRANSFERENCIA	31
7. TEMPORALIZACIÓN	31
8. ORZAMENTO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL	32



1. INTRODUCCIÓN

O Plan Municipal de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña parte dun enfoque integrado que incorpora diferentes dimensións do desenvolvemento económico local: o social, o político, o institucional, o cultural e o ambiental.

Superando o modelo asistencial, esta estratexia trataría de mellorar as condicións de vida da cidadanía e, en especial dos colectivos máis vulnerables, incorporando unha visión compartida do territorio polos diferentes actores locais, públicos e privados (administración, entidades sindicais, asociacións, empresariado, entidades educativas e do terceiro sector, etc.), nun contexto de crise económica que fomentou a precarización laboral sen rebaixar as súas esixencias competitivas.

Tendo en conta as competencias da administración local en materia de emprego, este punto de partida coloca o goberno municipal nunha situación de máxima responsabilidade ante o obxectivo de afrontar a loita contra o desemprego, apostando pola participación cidadá, a coordinación de actuacións e o funcionamento democrático na construción do futuro da nosa cidade.

O Concello asume o compromiso de promover a incorporación das institucións e axentes implicados no mercado laboral, de xeito que a súa participación activa axude de maneira efectiva na promoción do emprego de calidade. Neste sentido, aos axentes membros do “Pacto local polo emprego” sumaranse aquelas institucións o centros con vontade e capacidade para acadar os obxectivos marcados.

A actuación do Concello estenderase na procura de acordos coas Administracións provinciais e autonómicas, co fin de acadar os obxectivos, tanto en termos de eficiencia na execución das diferentes accións, como na procura das mellores formulas para o seu financiamento.

O Plan Municipal de Emprego define, ademais, as áreas prioritarias de intervención, deseñando unha estrutura de traballo en rede para o desenvolvemento do mesmo. O fomento da **participación cidadá** daralle o carácter diferencial ao Plan, facendo partícipes do seu deseño ás entidades sociais expertas en políticas activas de promoción do emprego.

Doutra banda, o Plan dotarase do coñecemento profundo da realidade socioeconómica da cidade para adaptar as actuacións ás necesidades das entidades xeradoras de emprego, e orientará a súa actuación conforme aos principios de **calidade e innovación**, que rexerán de maneira transversal todos os programas e proxectos que se contemplan neste Plan.

Outro dos eixes prioritarios será a **cooperación interinstitucional** entre a administración local e a autonómica, para a xestión das políticas activas de emprego que afecten á cidade, así como a cooperación entre os municipios da área metropolitana en materia de emprego.

O Plan profundará no **autocoñecemento do Concello** e das súas diferentes áreas de intervención como xeradoras de emprego, fomentando a creación de postos de traballo e o apoio á actividade empresarial a través de diferentes programas e proxectos, tendo en conta a igualdade de oportunidades e a loita contra a exclusión social desde o seu propio deseño, aplicando cláusulas de contratación responsable, innovadora, ambiental ou social.



Algunhas das medidas contempladas neste Plan, sobre todo aquelas que dependen da acción do goberno municipal, estarán **descentralizadas** na cidade en función das posibilidades dos recursos humanos e materiais do Servizo Municipal de Emprego e Economía Social, para o seu desenvolvemento.

2. ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

A presente análise da Coruña tenta reflectir algunhas variables demográficas, económicas e sociais que poidan repercutir na evolución do mercado laboral nun futuro a medio prazo.

Nun primeiro apartado preséntanse as características xerais da área da Coruña. A continuación, no segundo punto, profúndase no estudo da realidade demográfica da nosa cidade: como evolucionou a poboación, a estrutura por idade e sexo e os diversos indicadores demográficos de envellecemento da poboación (envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia global), xa que estas variables demográficas van condicionar as necesidades existentes no mercado laboral así como os niveis de dependencia económica.

Nun terceiro apartado analízanse os indicadores económicos comezando pola estrutura empresarial segundo o número de asalariadas/os e os datos de contratación, por modalidade e tipo de xornada. Tamén se estuda a distribución sectorial que mostra a situación dos sectores xeradores de emprego e dos novos xacementos de emprego na área de actuación do proxecto.

Finalmente, estúdase a situación do emprego e mais o desemprego, analizando o comportamento da poboación en función do sexo, a idade, o nivel de estudos e a profesión que desenvolven.

2.1. Características socioeconómicas xerais da área da Coruña

O municipio da Coruña está na Comunidade Autónoma de Galicia, ao noroeste de España, ao redor da ría do seu mesmo nome. Centro económico e cultural da área metropolitana circundante (constituída polos concellos de Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada, Carral, Bergondo e Abegondo) e que funcionalmente ten o papel dunha metrópole rexional, cuxa influencia se manifesta non só na citada área, senón tamén en toda a Comunidade.

O Concello da Coruña conta cunha superficie total de 37,6 km² e segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes que figuran no Instituto Nacional de Estatística alcanzou unha poboación de 244.810 habitantes ao día 1 de xaneiro do ano 2014, por tanto a súa densidade de poboación é de 6.510,90 hab/km².

2.2. Índices demográficos

Para estudar a estrutura actual da poboación utilizáronse como fonte os datos facilitados polo Instituto Nacional de Estatística e polo Instituto Galego de Estatística no ano 2014. A forma máis usual de observar os cambios demográficos consiste en considerar o seu efecto sobre a estrutura por sexo e idade.



Poboación total e por grandes grupos de idade, por sexos. A Coruña, 2014

Intervalo idade	nº persoas			% de poboación			% por sexo	
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Menores de 16	15.894	15.289	31.183	14,0	11,7	12,7	51,0	49,0
16-64	75.287	82.152	157.439	66,3	62,6	64,3	47,8	52,2
Maiores de 64	22.435	33.753	56.188	19,7	25,7	23,0	39,9	60,1
Total	113.616	131.194	244.810	100,0	100,0	100,0	46,4	53,6

Fonte: Instituto Galego de Estatística

O municipio da Coruña ten, como sinalamos, unha poboación de 244.810 persoas das que o 54% son mulleres e o 46% homes. Durante os últimos anos, a estrutura por idade sufriu unha importante modificación, intensificándose o envellecemento e a redución da poboación en idade activa. A porcentaxe de poboación maior de 64 anos acadou en 2014 unha porcentaxe do 23%, aumentando 3,3 puntos porcentuais respecto ao ano 2006, cando constituía o 19,7% do total, e en 6,4 puntos dende 1998 (daquela era o 16,6%). A porcentaxe de persoas menores de 16 anos representa en 2014 un 12,7%, debuxando unha tendencia ao envellecemento da poboación.

As mulleres presentan no municipio uns índices de envellecemento (177,1), sobreenvellecemento (16) e de dependencia global (58,3) moi superiores aos dos homes:

	Índice de envellecemento	Índ. sobreenvellecemento	Índ. dependencia global
Municipio	143,5	13,5	53,9
Homes	111.4	9.6	49.1
Mulleres	177.1	16	58.3

Saliéntase ao fío do anterior cadro, que:

- A poboación menor de 16 anos da nosa cidade subiu nos oito anos (de 2007 a 2014), pero o crecemento do último ano foi o menor do período analizado. De 2006 a 2014 aumentaron nun 10,2%
- A poboación de 16 a 64 anos, pola contra, baixou sempre dende o ano 2008; do ano 2006 ao 2014, baixou un 5,7%.
- A poboación de 65 anos ou máis anos medrou ininterrompidamente no tempo estudado; de 2006 a 2014, un 17%, sinal inequívoco do continuado proceso de envellecemento da poboación

Variación da poboación 2006 –2014						
	Nº			%		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.490	185	1.305	0,61	0,16	1,00
Menos de 16	2.874	1.358	1.516	10,15	9,34	11,01
16-64	-9.511	-4.697	-4.814	-5,70	-5,87	-5,54
Máis de 64	8.127	3.524	4.603	16,91	18,63	15,79

Esta situación pódese agravar aínda máis, poñendo en perigo a renovación xeracional, o que leva a pensar que cada vez será maior o número de persoas dependentes dun grupo activo, polo cal sería necesario reforzar os servizos de apoio á atención de persoas maiores de 64 anos facendo fronte ao aumento das necesidades deste colectivo.



Evolución anual da poboación 2006-2014 por sexo e grandes grupos de idade									
	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Menos de 16	28.309	28.688	28.966	29.223	29.590	29.994	30.474	31.001	31.183
Homes	14.536	14.732	14.788	14.941	15.111	15.286	15.516	15.788	15.894
Mulleres	13.773	13.956	14.178	14.282	14.479	14.708	14.958	15.213	15.289
16-64	166.950	166.962	166.810	166.212	164.797	163.132	161.584	159.812	157.439
Homes	79.984	79.858	79.851	79.482	78.775	77.958	77.331	76.491	75.287
Mulleres	86.966	87.104	86.959	86.730	86.022	85.174	84.253	83.321	82.152
Máis de 64	48.061	48.738	49.388	50.621	51.660	52.902	54.088	55.110	56.188
Homes	18.911	19.240	19.495	20.075	20.521	21.068	21.574	22.000	22.435
Mulleres	29.150	29.498	29.893	30.546	31.139	31.834	32.514	33.110	33.753
Total	243.320	244.388	245.164	246.056	246.047	246.028	246.146	245.923	244.810
Homes	113.431	113.830	114.134	114.498	114.407	114.312	114.421	114.279	113.616
Mulleres	129.889	130.558	131.030	131.558	131.640	131.716	131.725	131.644	131.194

Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes

Poboación da Coruña por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2014

Idade	Homes	Mulleres	Total
0-4	5.258	5.088	10.346
5-9	5.111	4.969	10.080
10-14	4.619	4.384	9.003
15-19	4.460	4.326	8.786
20-24	5.071	5.089	10.160
25-29	6.369	6.534	12.903
30-34	8.894	9.114	18.008
35-39	10.711	10.965	21.676
40-44	9.980	10.551	20.531
45-49	8.661	9.574	18.235
50-54	7.936	9.283	17.219
55-59	7.366	8.787	16.153
60-64	6.745	8.777	15.522
65-69	6.856	8.854	15.710
70-74	5.251	6.841	12.092
75-79	4.639	6.673	11.312
80-84	3.334	5.722	9.056
85 e máis	2.355	5.663	8.018
Total	113.616	131.194	244.810

Fonte: IGE Padrón municipal de habitantes

Indicadores A Coruña. Ano 2014			
	Índice de envellecemento	Índ. sobreenvellecemento	Índ. dependencia global
Municipio	143,5	13,5	53,9
Homes	111.4	9.6	49.1
Mulleres	177.1	16	58.3
Comarca	122,3	13,3	51,4
Homes	98.2	9.7	47.9
Mulleres	147.9	15.9	54.8

Comarca : Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada

Índice de dependencia global: Relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de envellecemento: Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento: Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos.



O Instituto Galego de Estatística realiza unha proxección de poboación a curto prazo (2014-2020) para a comarca da Coruña, reflectindo os datos que se mostran na seguinte táboa:

Proxección de indicadores de poboación. Comarca A Coruña			
Ano	Índice de envellecemento	Índ. sobreenvellecemento	Índ. dependencia global
2014	122,3	13,4	51,5
2015	124,4	13,9	52,8
2016	126,1	14,6	53,8
2017	127,7	15,2	54,6
2018	130,2	15,9	55,7
2019	132,8	16,6	56,4
2020	135,6	17,2	57,1
2021	139,1	17,8	57,7
2022	143,1	18,2	58,3
2023	147,6	18,2	59
2024	153	17,9	59,6

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

Das táboas anteriores poden extraerse as seguintes conclusións:

- O índice de envellecemento, é dicir, a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, é 143,5 para o concello e 122,3 na comarca, no ano 2014.
- O índice de sobreenvellecemento, relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos, é de 13,5.
- O índice de dependencia global, relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes e o grupo de poboación potencialmente activa, é no ano 2014 de 53,9 no concello e 51,5 na comarca.
- A estimación da evolución da poboación nos próximos anos indica que se continuará intensificando o envellecemento da poboación na área de A Coruña.

2.3. Indicadores económicos


A Coruña representa o primeiro centro de actividade económica do norte de Galicia. A cidade configúrase como motor de desenvolvemento dunha rexión funcional urbana que supera os 500.000 habitantes. É ademais centro de gravidade do sistema urbano de Galicia e da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

A comarca da Coruña ocupa o primeiro lugar no sector servizos de toda a Comunidade Galega e posúe ademais unha ampla tradición comercial.

A Coruña é unha cidade moderna, dinámica e turisticamente moi atractiva. A súa economía xira ao redor de diversos sectores de actividade, algúns deles estreitamente interrelacionados:

- Actividades sociosanitarias, recreativas, artísticas e de entretemento.
- Actividade portuaria, pesqueira, de transporte de mercadorías e de pasaxeiros/as.
- Actividades administrativas e servizos auxiliares.
- Comercio, transporte, almacenamento e actividades vinculadas ás industrias e á distribución comercial.
- Hostalería.
- Obra pública e privada, motivada pola implantación no territorio de polígonos comerciais e obras públicas, así como o desenvolvemento das infraestruturas necesarias.
- Actividades profesionais, científicas e técnicas.
- Información e comunicacións

É importante ter en conta que a actividade económica da Coruña susténtase no sector servizos. Se observamos o número de empresas agrupadas por grandes sectores, vemos que o 84% pertencen ao sector servizos, seguidas polas da construción, un 12%, e pola industria, cun 4%.



O 86% das empresas ten como máximo dúas persoas asalariadas. Con todo, hai empresas de máis de 100 persoas empregadas en case todos os grupos de actividade.

De máis de 250 persoas no cadro de persoal existen empresas no municipio nas actividades de Industria manufacturera (3), Comercio (1), Transporte e almacenamento (1), Información e comunicacións (2), Actividades financeiras e de seguros (1), Actividades profesionais, científicas e técnicas (2), Actividades administrativas e servizos auxiliares (5), Educación (1) e en Actividades sanitarias e de servizos sociais (2).

Distribución de empresas por tramo de asalariados									
	Total	0 a 2	3 a 5	6 a 9	10 a 19	20 a 49	50 a 99	100 a 249	250 ou máis
Nº	21.426	18.390	1.531	640	461	261	74	51	18
%	100,0	85,8	7,1	3,0	2,2	1,2	0,3	0,2	0,1




Se analizamos o número de contratos realizados durante o ano 2014 na comarca da Coruña, vemos que se realizaron 143.343 contratos, dos cales 101.736 corresponden ao municipio da Coruña. Do total de contratos realizados, o 91% son temporais e a media é de 2 contratos por persoa.

CONTRATOS POR LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABAJO E VARIACION INTERANUAL SEGUNDO A MODALIDADE DE CONTRATO								
MODALIDADE	2013 (nº contratos)		2014 (nº contratos)		Variación Nº		Variación %	
	COMARCA	MUNICIPIO	COMARCA	MUNICIPIO	COMARCA	MUNICIPIO	COMARCA	MUNICIPIO
Total contratos rexistrados	125.653	88.986	143.343	101.736	17.690	12.750	14,08	14,33
Total de contratos iniciais	121.294	85.963	138.897	98.698	17.603	12.735	14,5	14,8
Indefinido ordinario e fomento do emprego	6.360	4.533	8.083	5.664	1.723	1.131	27,1	25
De obra ou servizo	47.102	32.696	50.930	35.624	3.828	2.928	8,1	9
Eventual por circunstancias da produción	47.670	33.041	57.989	39.870	10.319	6.829	21,6	20,7
Interinidade	17.290	13.658	18.202	14.946	912	1.288	5,3	9,4
En prácticas	603	437	769	552	166	115	27,5	26,3
Para a formación	1.038	723	1.389	949	351	226	33,8	31,3
Outros	1.231	875	1.535	1.093	304	218	24,7	24,9
Conversiones a indefinidos	4.359	3.023	4.446	3.038	87	15	2	0,5

CONTRATOS E VARIACION INTERANUAL SEGUNDO TIPO DE XORNADA								
TIPO DE XORNADA	2013 contratos		2014 contratos		Variación nº		Variación %	
	COMARCA	MUNICIPIO	COMARCA	MUNICIPIO	COMARCA	MUNICIPIO	COMARCA	MUNICIPIO
A tempo completo	70.605	47.488	81.570	54.765	10.965	7.277	15,5	15,3
A tempo parcial	54.488	41.001	61.231	46.530	6.743	5.529	12,4	13,5
Fixo discontinuo	560	497	542	441	-18	-56	-3,2	-11,3

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal (SEPEE)

Na comarca, o 1% dos contratos realizáronse no sector primario, un 8% na Industria, 6% na Construción e 85% nos Servizos.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.



Nos seguintes cadros recóllense as ocupacións máis contratadas na Comarca da Coruña durante o ano 2014 sen ter en conta a duración dos contratos e que una mesma persoa poda ter varios contratos ao longo do ano 2014.

Ocupacións con máis contratos na comarca coruñesa e distribución por sexo				
	Ocupacións	Nº contratos		
		TOTAL	HOMES	MULLERES
	Total xeneral	143.343	69.444	73.899
5120	Camareiros/as asalariadas	16.423	8.766	7.657
5220	Venta en tendas e almacéns	9.342	1.824	7.518
9210	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares	9.125	1.527	7.598
9811	Peóns das industrias manufactureiras	7.172	6.403	769
9700	Peóns das industrias manufactureiras	6402	3.560	2.842
3724	Monitores/as de actividades recreativas e de entretemento	4335	1.413	2.922
4424	Teleoperadores/as	3.858	924	2.934
5492	Promoción de venda	2.940	575	2.365
4221	Empregados/as de servizos de correos (excepto empregados de mostrador)	2.828	935	1.893
5110	Cociñeiros /as asalariadas	2.702	1.287	1.415
4500	Empregos administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados	2.337	609	1.728
9100	Emprego doméstico	2234	119	2.115
9310	Axudantes de cociña	2.210	748	1.462
5824	Azafates/as de terra	2.164	364	1.800
2932	Compositores/as, músicos e cantantes	2.084	1.412	672
7121	Albanelería	1.865	1.858	7
2935	Actores, actrices	1.755	1.073	682
4309	Empregos administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados	1.594	504	1.090
8160	Operadores/as de máquinas para elaborar produtos alimenticios, bebidas	1.440	240	1.200
2329	Profesionais do ensino non clasificados noutros epígrafes	1.370	562	808
7314	Montaxe de estruturas metálicas	1.288	1.285	3
8412	Condutores/as asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas	1.284	1.193	91
9229	Outro persoal de limpeza	1.275	512	763
8432	Condutores/as asalariados de camións	1.258	1.243	15
3510	Axentes e representantes comerciais	1.244	790	454
5710	Traballo en coidados persoais a domicilio	1.237	28	1209
5721	Coidado de nenos e nenas en garderías e centros educativos	1.212	126	1086
5611	Auxiliares de enfermería hospitalaria	1.168	76	1092
9820	Repoñedores/as	1.092	626	466
5500	Caixeiros/as e taquilleros/as (excepto bancos)	998	142	856
5941	Vixiancia de seguridade e similares con habilitación para levar armas	996	906	90
7702	Traballos nas industrias do peixe	942	844	98
9490	Outras ocupacións elementais	892	372	520
7312	Soldadura e oxicortes	883	880	3
8153	Operacións de máquinas de coser e bordar	863	47	816
2121	Enfermería non especializada	849	55	794
4121	Empregos en control de abastecementos e inventario	838	559	279
4423	Telefonistas	819	262	557
8170	Operacións de máquinas de lavandería e tinturería	773	145	628



7510	Electricistas de la construcción y afines	747	738	9
9602	Peóns da construción de edificios	747	744	3
7899	Oficiais, operarias e artesáns de outros oficios non clasificados baixo outros epígrafes	746	728	18
3831	Técnicos/as de gravación audiovisual	745	657	88
4412	Recepcionistas (excepto de hoteles)	737	166	571
5811	Perruqueiras/os	729	51	678
3715	Animación comunitaria	697	249	448
9431	Ordenanzas	685	424	261
3723	Instructores/as de actividades deportivas	663	364	299
4430	Axentes de enquisas	660	212	448
5629	Traballos dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outros epígrafes.	625	78	547
8340	Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afines	605	448	157
7231	Pintura e empapelación	568	558	10
5942	Auxiliares de vixiante de seguridade e similares non habilitados para ir armados	518	286	232
8209	Montaxe e ensamblaxe non clasificados noutros epígrafes	502	491	11
3613	Asistentes de dirección e administrativos	478	144	334
8154	Operacións de máquinas de branquear, tinguir, estampar e acabar téxtiles	471	15	456
8411	Condutores/as propietarios de automóviles, taxis e furgonetas	453	452	1
3123	Técnicos/as en electricidade	448	431	17
7313	Chapistas e caldereiros/as	444	443	1
5992	Bañistas-socorristas	436	293	143
7131	Carpinteiros/as (excepto ebanistas)	436	431	5
2934	Dirección de cine, de teatro e afines	426	257	169
8159	Operacións de máquinas para fabricar produtos téxtiles non clasificados baixo outros epígrafes	419	91	328
4113	Empregos de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios	418	169	249
8420	Condutores/as de autobuses e tranvías	416	367	49
9420	Reperto de publicidade, limpabotas e outros traballadores de oficios caixeiros	405	353	52
3820	Programación informática	378	311	67
3739	Outros profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas	372	218	154
2933	Coreografía e baile	370	127	243
2322	Mestres e mestras de ensinanza no regrada de idiomas	343	90	253
8333	Operadores/as de carretillas elevadoras	329	312	17
2824	Profesionais do traballo e da educación social	312	63	249
7703	Panadería, pastelería e confitería	309	209	100

Fonte: Instituto Galego de Cualificacións

2.4. Datos sobre emprego

A situación do mercado de traballo en Galicia e mais en España empeorou notablemente nos últimos anos. De feito, a taxa de ocupación de poboación de 16 a 64 anos descendeu 8'6 puntos porcentuais dende o inicio da crise, mentres que na UE o descenso foi de só un punto.



Taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos. 2008 e 2014.					
PERÍODO	SEXO	GALICIA	ESPAÑA	UNIÓN EUROPEA 27	UNIÓN EUROPEA 28
2008	Homes	76,6	77,9	77,9	77,8
	Mulleres	60,2	58,9	62,8	62,8
	Total	68,4	68,5	70,3	70,3
2014	Homes	63	65	75,1	75
	Mulleres	56,4	54,8	63,6	63,5
	Total	59,7	59,9	69,3	69,2

Fonte:

Galicia: IGE/INE. Enquisa de poboación activa

España: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

Unión Europea 28: Eurostat/ LFS: EU Labour Force Survey

O cadro anterior reflicte tamén que a diminución da taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos foi en Galicia semellante á estatal (8'7 puntos). Nos dous ámbitos territoriais a caída foi moito maior nos homes que nas mulleres.

Así como as estatísticas de EUROSTAT adoitan proporcionar os datos da taxa de ocupación sobre a poboación de 16 a 64 anos, na EPA estúdase para a poboación de cando menos 16 anos, **incluíndo tamén os maiores de 64 anos.**

Se de cada 100 persoas con 16 ou máis anos traballaban 45 en 2011, só o facían 42 en 2014; a taxa de ocupación de Galicia baixou do 45'3% (ano 2011) ano 42'1% (en 2014): 3'2 puntos nun trienio.

O devalar foi especialmente intenso na nosa cidade, xa que a taxa de ocupación baixou en 3'7 puntos porcentuais no bienio 2013-2014.

Taxa de ocupación. A Coruña. 2012-2014		
2012	2013	2014
49,6	47,7	45,9

Fonte: INE- IGE: EPA

A forte destrución do emprego do ano 2012 ao 2014 resúmese con dous datos: perda de 5.500 postos de traballo; perda dun 5'2% do emprego.

Poboación ocupada. A Coruña. 2012-2014		
2012	2013	2014
106.100	102.300	100.600

Fonte: INE- IGE: EPA

O sector servizos, coa perda de 4.200 postos de traballo no período analizado, é o principal causante deste devalar ocupacional na nosa cidade.



Poboación ocupada de 16 e máis anos por sector económico. A Coruña. 2012 – 2014				
	2012	2013	2014	Variación 2012-2014
Agricultura e pesca	300	600	1.000	700
Industria	9.300	10.500	9.800	500
Construción	6.000	4.000	3.600	-2.400
Servizos	90.500	87.100	86.300	-4.200

Fonte: INE- IGE: EPA

Por outra banda, a estimación da EPA mostra unha distribución da poboación ocupada na que 80.700 persoas están nos Servizos, 11.200 na Industria, 5.800 na Construción e 800 no sector Primario.

Así mesmo, a poboación ocupada, segundo a situación profesional, constitúena 17.000 empresarios e empresarias no municipio (con ou sen asalariados/as) ou traballadores/as independentes, 18.700 asalariados e asalariadas do sector público, 62.300 no sector privado e 500 noutras situacións.

Do total de 81.000 asalariados/as, 62.300 (77 %) teñen contratos de duración indefinida e 18.100 (23%) de duración temporal.

Na distribución provincial, que é a maior desagregación territorial que publica a EPA por sexo, o 60% son empresarios e o 40% empresarias. No caso de ter persoas asalariadas a distribución varía sendo os homes o 63,8% e as mulleres 36,2%. Sen asalariados as mulleres son o 41,9%.

Ocupación por sexo e situación profesional. Provincia A Coruña. EPA 2015/II								
	Miles de persoas			% poboación ocupada			% por sexo	
	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Home	Muller
Total	437,2	229,3	207,8	100,0	100,0	100,0	52,4	47,5
Traballador independente ou empresario sen asalariados	60,6	35,1	25,4	13,86	15,31	12,22	57,9	41,9
Empresario con asalariados	30,4	19,4	11	6,95	8,46	5,29	63,8	36,2
Axuda familiar	2,5	1,7	0,7	0,57	0,74	0,34	68,0	28,0
Asalariado sector público	80,4	36,4	44	18,39	15,87	21,17	45,3	54,7
Asalariado sector privado	263,2	136,7	126,5	60,20	59,62	60,88	51,9	48,1
Outra situación	0,2		0,2	0,05		0,10		

2.5 Datos sobre desempleo

2.5.1 O paro en España

Segundo os datos da Oficina Comunitaria de Estatística, Eurostat, en 2014 a taxa de desemprego chegou en España ao 24'5%, sendo o país da Unión Europea, tras Grecia (26'5%), cun maior índice de desemprego, seguido de Croacia (17.3) situada moi lonxe da media da UE



28 (10'25%). Alemaña atópase á fronte dos países con menor desemprego, cunha taxa do 5%, seguida de Austria e Luxemburgo onde a taxa de paro alcanza o 5'6% e o 6% respectivamente.

O impacto da crise económica sobre o desemprego en España pódese apreciar (cos datos da EPA) no incremento dende 2007 en que había 1.773.200 persoas en paro ata chegar á cifra de 5.622.900 en 2014.

Evolución anual do paro en España 2007-2014								
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
España	1.773,20	2.385,70	4.139,60	4.655,30	4.844,20	5.731,00	6.047,30	5.622,90
Mulleres	980,7	1.194,90	1.843,50	2.109,50	2.219,70	2.606,50	2.852,90	2.690,70
Homes	792,5	1.190,80	2.296,10	2.545,80	2.624,50	3.124,50	3.194,40	2.932,20

Fonte: INE-EPA (datos en miles de persoas)

2.5.2 O desemprego no concello da Coruña

A EPA correspondente ao ano 2014 mostra a seguinte distribución da poboación maior de 16 anos.

Poboación de 16 ou máis anos en relación coa actividade. Municipio A Coruña. EPA. 2014. (Datos en miles de persoas)			
	Total	Homes	Mulleres
Total maiores de 16 anos	219	101,9	117,1
Activos	121,8	60,9	60,9
<i>Poboación ocupada</i>	<i>100,6</i>	<i>49,6</i>	<i>51,0</i>
<i>Poboación parada</i>	<i>21,1</i>	<i>11,3</i>	<i>9,9</i>
Poboación inactiva	97,3	41,0	56,2

Fonte: INE-IGE: EPA

A relación entre as diferentes situacións da poboación mostra as seguintes taxas ou indicadores¹:

Taxas relacionadas co emprego. EPA 2014			
	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	55,6	59,8	52
Taxa de ocupación	45,9	48,7	43,6
Taxa de paro	17,4	18,6	16,3

1

Taxa de actividade: Porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total (de 16 ou máis anos).

Taxa de ocupación: Porcentaxe de ocupados sobre a poboación de 16 ou máis anos.

Taxa de paro: Porcentaxe de poboación parados sobre o total de activos.



3. RECURSOS DA CONCELLARÍA DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Desde a Concellaría de Emprego e Economía social dispónse dun conxunto de recursos humanos, materiais e orzamentarios cos que facilitar a cobertura das accións propostas no Plan.

Estamos a falar de:

Instalacións:

- Centro Municipal de Emprego, sito no barrio das Roseiras. Nestas instalacións dáselle cobertura aos servizos de orientación laboral e información para o emprego. Ademais, acolle as instalacións e medios para os obradoiros de pintura, soldadura, carpintaría e novas tecnoloxías. A dispoñibilidade de equipamentos informáticos, salas de reunións e aulas de formación completan o abano de medios.
- Centro Municipal de Empresas, sito no Igrexario do Polígono da Grela. Centro que, desde hai uns anos, vén funcionando como viveiro de empresas, facilitando a instalación, equipamento e soporte para os primeiros pasos dos novos emprendedores e emprendedoras.
- Viveiro de Empresas do Papagaio. Centro que nestes momentos está en construción e que completará a oferta de instalacións, medios e servizos para a promoción de novas iniciativas empresariais, especialmente no ámbito tecnolóxico.

Recursos humanos:

Funcionariado

- Xefatura de Servizo.
- Xefatura de Departamento de Emprego
- Xefatura de Departamento de Empresa.
- Xefatura de Sección de Formación.
- Técnica media coordinadora de programas.
- Socióloga responsable do Observatorio Sociolaboral do Servizo
- 2 técnicas superiores de Orientación Profesional
- 2 técnicos/as Locais de Emprego
- Técnica superior de Promoción Económica
- Técnica media de Xestión Económica.
- Encargado de Instalacións
- 3 auxiliares administrativos/asistentes de administración
- Conserxe
- Ordenanza

Persoal contratado adscrito a programas temporais

- 6 Axentes de desenvolvemento local
- 3 Orientadoras laborais

Dotación orzamentaria:

Anualmente dotarase a Área cos recursos financeiros necesarios para o desenvolvemento de todas as iniciativas, planes e programas que conforman o Plan.



4. OBXECTIVOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

A situación do desemprego na cidade, con máis 20.000 persoas en paro, fai que o Concello da Coruña estableza a súa diminución como tarefa principal da acción de goberno para os próximos anos.

A Tenencia de Alcaldía de Emprego e Economía Social é non só unha área específica con entidade propia, senón tamén unha intervención transversal a todas as áreas municipais. Os obxectivos propostos e as actuacións promovidas dende o Plan Municipal de Emprego e Economía Social están en coherencia coa Estratexia Europea de Emprego, coas Directrices da UE aos Estados Membros, co Plan de Acción para o Emprego de España e co Plan Integral de Emprego de Galicia.

Deste xeito, a área de Emprego e Economía Social colabora na implantación das políticas activas de emprego, que son competencia da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, facilitando información, orientación e intermediación laboral, desenvolvendo formación ocupacional profesional e realizando proxectos propios ou en colaboración con outras administracións.

Ademais, trabállase na difusión da cultura emprendedora, apoiando e asesorando proxectos de emprendemento e a creación de empresas para a promoción económica e do emprego na cidade.

Os principais obxectivos que se perseguen co Plan son os seguintes:

Como obxectivo xeral preténdese amosar á cidadanía o Concello como institución pública capacitada para impulsar a diminución da taxa de paro **en 6 puntos**, tomando como referencia a taxa media de desemprego do ano 2014 segundo a **EPA**, que supuña o **17,4%, deixando a taxa de desemprego arredor do 11,4%**, fomentando un emprego de calidade.

- Implementar un modelo eficiente para a intermediación activa no mercado laboral, na procura de puntos de encontro entre a oferta e a demanda laboral.
- Posta en marcha de programas integrais de capacitación e, en consecuencia, empregabilidade das persoas en busca de emprego, identificando novos requirimentos dos perfís profesionais demandados e deseñando os programas que permitan acadar os coñecementos e habilidades precisas para o acceso a postos de traballo de calidade.
- Optimizar as posibilidades de acceso ao mercado de traballo, especialmente daqueles colectivos como son mozos e mozas entre 16 e 30 anos, mulleres sen formación habilitante, persoas en situación de exclusión social e en desemprego de longa duración, sobre todo maiores de 45 anos.
- Potenciar os servizos de información, apoio, titorización, asesoramento e deseño de itinerarios profesionais para que a cidadanía, e moi especialmente aquelas persoas e colectivos en maior risco de exclusión e vulnerabilidade social, sinta o respaldo do concello nestes labores.



- Promover, apoiar e divulgar o espírito emprendedor e cooperativo daquelas persoas que pretendan iniciar a posta en marcha dun proxecto empresarial, así como actualizar e/ou redeseñar as formulacións e obxectivos das empresas que desexen renovarse para seguir mantendo a súa actividade.
- Deseñar e executar un conxunto de actuacións dirixidas a empresas, con especial incidencia no comercio local, que contribúan á súa consolidación, estabilidade e avance permanente.
- Promover elementos de transversalidade nos programas de fomento do emprego e de promoción económica, entendendo como tales aqueles que permitan unha maior incidencia na corrección de desigualdades existentes no mercado laboral, poñendo especial énfase na redución dos desequilibrios de xénero e no fomento da diversidade e a da interculturalidade.

5. EIXES DE ACTUACIÓN

Como xa se expuxo, o Plan Municipal de Emprego e Economía Social está concibido como unha iniciativa integral e integradora, que propón unha intervención coparticipada coa cidadanía para a creación de postos de traballo.

Tal e como se reflicte no esquema de máis abaixo, o punto de partida do Plan é o seu deseño e xestión a través da concertación coas entidades sociais do Pacto Local polo Emprego (organizacións sindicais, empresariais, terceiro sector, Universidade, ...), asegurando que todas as medidas, programas e accións se poñan en marcha de xeito consensuado, recollendo as necesidades de todos os colectivos, as oportunidades reais do mercado laboral e as diferentes sensibilidades inherentes á diversidade. Por iso, o primeiro eixe de actuación do Plan denomínase: **Participación cidadá.**

A importancia do Plan a nivel estratéxico e económico fai imprescindible contar cun equipo técnico de xestión de profesionais expertas e expertos en materia de Emprego, que asegure a súa efectiva execución e avaliación con garantías de éxito.

Para a planificación dos programas, proxectos e accións a desenvolver, partírase dunha análise continua da realidade socioeconómica, é dicir, dun diagnóstico socioeconómico e de prospección laboral, que nos dará as claves para o seu deseño, contextualizando todas e cada unha das actuacións.

Estas accións concretas a poñer en marcha artellaranse aplicando criterios de calidade e innovación nos ámbitos da promoción do Emprego e da actividade empresarial e de emprendemento.

Por outra banda, unha xestión integral das políticas activas de Emprego implica, necesariamente, a cooperación con outros axentes do territorio, especialmente institucións con competencia na materia, como é o caso da Xunta de Galicia, ou cos concellos da Área Metropolitana e as grandes cidades de Galicia, que compartan esta perspectiva de creación de emprego digno. Por esta razón, artellouse un eixe específico para a potenciación do traballo en rede, denominado cooperación interinstitucional.




O Plan aposta pola recuperación da iniciativa pública no ámbito do emprego, e isto debe traducirse nun esforzo por poñer en valor os postos de traballo que xera a propia administración local, analizando a través dunha estratexia transversal, de que maneira o Concello pode promover a contratación e especialmente a súa calidade e universalidade, aplicando criterios de equidade no acceso ao mesmo.

Por último, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a loita contra a discriminación social, son valores que se incorporan de xeito transversal no Plan, que se terán en conta dende o seu deseño mesmo ata a súa avaliación, pero que ademais se contemplan nun eixe específico que permitirá, en colaboración coa Área de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña, abordar accións concretas no ámbito municipal, social e empresarial, que poidan ser expresamente recoñecidas pola súa responsabilidade sociolaboral.



AVALIACIÓN E TRANSFERENCIA DE BOAS PRÁCTICAS





EIXE I. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A concertación dunha nova forma de gobernar na cidade, que a través da escoita activa analiza as necesidades que a sociedade lle demanda, fará que a acción do concello acerte na atención aos problemas que preocupan aos habitantes do municipio.

Esta nova gobernanza na cidade de A Coruña fará posible a posta en marcha de medidas integrais, accións e proxectos que promovan e favorezan o mantemento da protección social, a defensa da cidadanía que menos posibilidades de crecemento persoal ten, a creación de emprego estable e o desenvolvemento sustentable. Todo isto, establecendo como marco de referencia a concertación das políticas municipais que máis afectan ás persoas.

A participación cidadá na promoción do emprego estruturarase a través do **Pacto Local polo Emprego**, como órgano básico de funcionamento e soporte para o deseño e execución do Plan Municipal de Emprego e Economía Social.

O Pacto Local polo Emprego terá como obxectivo promover a coordinación e cooperación entre o Goberno Local, a Xunta de Galicia, entidades sindicais, entidades especializadas en igualdade de xénero, entidades que traballen na promoción do emprego de persoas migrantes, de persoas con diversidade funcional, organizacións empresariais, organizacións da economía social e do cooperativismo, Universidade da Coruña e outras de carácter social. Esta colaboración e cooperación, basearase no compromiso a favor do emprego, a economía social, a concertación social, o impulso das novas tecnoloxías, a innovación e a calidade.

A potenciación dun Pacto Local polo Emprego construírse en base ao traballo en rede establecido no marco do Pacto asinado no ano 2009 entre as entidades máis representativas da cidade vinculadas ás políticas activas de emprego. Este novo Pacto expónse como unha estratexia clave para a consecución de obxectivos de organización e mellora das políticas municipais, converténdose nun instrumento de desenvolvemento local e de mellora das condicións de vida da cidadanía, que pretende mobilizar todos os recursos dispoñibles para conseguir unha maior coordinación das medidas a favor do mantemento da sociedade de benestar.

Así mesmo, o Pacto permitirá potenciar a participación da cidadanía nos procesos de toma de decisións para o desenvolvemento de medidas compartidas, dirixidas a crear emprego de calidade na cidade.

Para o funcionamento deste Pacto Local polo Emprego crearase unha **estrutura áxil** que permita operativizar a participación da cidadanía nas actuacións a favor do emprego. Esta estrutura constará dunha **Comisión Institucional** e unha **Comisión Técnica**, que se define de acordo aos seguintes criterios:

A Comisión Institucional do Pacto será un órgano consultivo con capacidade de facer propostas ao goberno municipal cara ao desenvolvemento de accións de promoción de emprego e desenvolvemento empresarial. Estará presidida polo Alcalde da Coruña ou Concellería da área de Emprego e Economía Social e composta polas persoas responsables das entidades máis representativas da cidade que desenvolvan políticas activas de emprego



A **Comisión Institucional** reunirse para propoñerlle ao goberno municipal, entre outras, cuestións como:

- A dedicación de parte do orzamento que o goberno municipal aprobe para medidas e accións de promoción do emprego na cidade. Esta asignación farase, sempre, en base a criterios técnicos e informes que permitan a adecuación dos proxectos ás necesidades do mercado laboral.
- Propoñer a participación en posibles proxectos supramunicipais.
- Encomendar á Comisión Técnica o deseño de medidas e accións coparticipadas a incorporar no presente Plan Municipal de Emprego e Economía Social, sempre de acordo ás diferentes necesidades e sensibilidades dos colectivos obxecto do Plan e á evolución do mercado laboral.
- Propoñer a composición das mesas temáticas de traballo que terán que contar, necesariamente, coa participación das entidades cidadás que desenvolven a súa acción no ámbito do emprego.

A **Comisión Técnica** estará formada polo persoal especializado das entidades participantes do Pacto Local polo Emprego. O desenvolvemento do Plan Municipal marcará a pauta de actuación desta Comisión, debendo contar necesariamente cunha memoria orzamentaria, circunstancia que converterá este plan municipal de emprego en instrumento do orzamento participativo.

MEDIDAS:

- Constitución e desenvolvemento da estrutura do Pacto Local polo Emprego.
- Colaboración na elaboración do Plan Municipal de Emprego e Economía Social, coordinando os esforzos das entidades do Pacto (plans de formación, de información e orientación laboral, plan de emprendemento, etc.)

EIXE II. DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO E PROSPECCIÓN LABORAL

O coñecemento e a profunda análise do contexto socioeconómico do territorio constitúe o primeiro paso para o deseño de programas e accións a favor da creación de postos de traballo eficaces e eficientes; con todo, a miúdo, as políticas de fomento do emprego e o mundo empresarial están separados por barreiras como a desinformación e o descoñecemento mutuo, que impiden dar resposta ás necesidades de ambos.

O Plan Municipal de Emprego situaría, en primeiro lugar, o estudo profundo e constante da evolución do mercado laboral, das oportunidades territoriais e das necesidades empresariais, co obxectivo de ofrecer posibilidades efectivas de inserción laboral baseadas na adquisición de competencias profesionais. Estes estudos realizaríanse en colaboración coa Universidade ou outras institucións públicas.

A prospección laboral expónse por tanto, como unha ferramenta para o achegamento entre as empresas e as persoas que buscan traballo, como elos dunha mesma cadea que debe manterse unida.



Os estudos sobre a realidade socioeconómica e a prospección laboral deben ser obxecto dunha comunicación transparente e eficaz coa cidadanía, a través de web municipal 2.0, plans de comunicación en rede, deseño de campañas de comunicación e a través doutros medios.

MEDIDAS:

- Impulso do Observatorio de Emprego e Emprendemento do Pacto Local. Este observatorio traballará na investigación da evolución do mercado laboral e deseño de proxectos “ad hoc”, que abordará, entre outros:
 - Estudos de prospección en sectores potencialmente xeradores de emprego.
 - Estudos sobre necesidades das empresas que se instalarán nos polígonos construídos na contorna do porto exterior.
 - Estudo sobre os sectores onde se pode emprender con garantías de éxito. Mapa de recursos e banco de ideas para o emprego e o emprendemento, especialmente para o emprendemento colectivo.
 - Análise das necesidades formativas dos diferentes sectores produtivos.
- Transformación da área de Emprego nunha “*área aberta*” de comunicación transparente e eficaz coa cidadanía.

EIXE III. CALIDADE E INNOVACIÓN

O Plan Municipal de Emprego que se propón incorpora criterios de calidade de forma transversal, en todas e cada unha das súas actuacións, contribuíndo ao desenvolvemento e difusión de prácticas e ferramentas que melloren a profesionalización e a xestión das entidades especializadas na promoción do emprego.

Dentro da calidade das políticas públicas o impacto de xénero terá unha especial consideración en prol da igualdade de oportunidades.

A administración local, no exercicio do seu liderado competente, e as entidades sociais e económicas da cidade vinculadas ás políticas de emprego e desenvolvemento empresarial, deben avanzar na prestación dos seus servizos (información, orientación, formación, intermediación, asesoramento, etc.), promocionándose como espazos de referencia e actuando ademais como difusoras do uso de criterios de calidade no emprego, tanto na súa actividade como no seguimento das accións implementadas. Este avance está intimamente ligado á mellora da eficiencia das organizacións e contribúe a súa sostenibilidade.

Unidas a esta nova forma de traballo, están as propostas de innovación para mellorar a efectividade dos esforzos polo emprego, como fórmula extrapolable ao tecido empresarial da cidade, isto é, innovación interna e externa. Entre estas liñas de traballo está a promoción no empresariado do desenvolvemento de aplicación de cláusulas de contratación de carácter social, ambiental ou de emprego social e de calidade.

Trátase de recoller o valor engadido da innovación, tanto no traballo interno da área de Emprego e Economía Social, como nas accións externas que se programen, dirixidas ás persoas desempregadas, ás empresas e ás entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego.



Planificaranse actuacións que, superando o concepto de innovación tecnolóxica, conduzan a proxectos colaborativos de importante calado no tecido empresarial, especialmente aqueles que unan a consolidación de empresas e pequenos negocios coas esixencias dunha xestión empresarial innovadora e, por tanto, sustentable.

Este tipo de accións buscan reducir o peche dun importante número de comercios, postos nos mercados municipais e pequenas empresas que por si soas non poden manter a súa actividade no tempo sen introducir cambios que pasan pola innovación en diferentes niveis de actuación.

MEDIDAS:

- Implantación dun sistema de xestión da calidade, que teña en conta a perspectiva de xénero dende a súa definición mesma, para a prestación de servizos de emprego e promoción empresarial, compartido polas entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego.
- Deseño e implementación de Plans de innovación e sustentabilidade empresarial e institucional.
- Fomento da implantación no tecido empresarial da figura de “*experto/a en innovación*”.
- Impulso e participación en redes nacionais e internacionais de intercambio, baseadas na innovación para a mellora da eficiencia nas organizacións e contribuír a súa sustentabilidade.
- Fomento de programas de “mentoring” que permitan aproveitar o coñecemento e a experiencia.

EIXE IV. PROMOCIÓN DO EMPREGO

Dende a perspectiva técnica, este eixe de actuación trata de definir a actividade que o Concello pode e debe desenvolver e impulsar para facilitar o acceso a un posto de traballo daquelas persoas que pertencen a colectivos de especial vulnerabilidade social e entre a poboación desempregada en xeral.

Dende este eixe preténdese traballar na mellora da calidade dos instrumentos técnicos que utilizan as entidades co obxecto de rendibilizar recursos, de coordinar as accións de información e formación que se ofrecen ás persoas desempregadas na cidade, a orientación laboral aos diferentes colectivos, o desenvolvemento de prácticas empresariais, a xestión das ofertas de emprego, etc.

Promocionarase entre as entidades do Pacto Local polo Emprego o desenvolvemento de itinerarios integrados de inserción laboral, como metodoloxía contrastada de éxito na inserción laboral. Para o desenvolvemento destes itinerarios o concello propondrá a sinatura dun acordo marco entre as entidades que desenvolvan as diferentes accións do Plan Municipal de Emprego.



MEDIDAS:

- Desenvolvemento de itinerarios integrados de inserción laboral: formación - práctica profesional-intermediación-inserción.
- Coordinación da formación, orientación, intermediación laboral, prácticas en empresas, etc. que se desenvolven na cidade, para rendibilizar recursos.
- Promoción de programas de busca colectiva de emprego nos que se fomente o traballo en equipo.
- Promoción de convenios coas entidades cidadás que acrediten experiencia no ámbito da promoción do emprego social e/ou itinerarios de inserción laboral dirixidos a grupos poboacionais con dificultades de inclusión, para a contratación de profesionais co obxecto de facer sustentable o desenvolvemento de proxectos de inserción laboral.
- Fomentar a inserción de menores de 30 anos, a través dun programa de formación para mozos e mozas sen capacitación, que incluíra unha proposta de formación en oficios para aqueles que non terminaran a ESO. Este programa establecerá cotas de participación equilibrada, de xeito que ningún sexo estará representado en menos dun 40% nin en máis dun 60%, co obxecto de facilitar o avance na dilución da segregación profesional e ocupacional existente.

EIXE V. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO

Neste eixe de promoción da actividade empresarial, desenvolverase a actividade de potenciación económica municipal, deseñando e executando distintos programas que perseguen mellorar as posibilidades de éxito dos proxectos empresariais e a supervivencia das pequenas empresas. Daráselle pulo ás empresas de economía social como fórmula asociativa de emprendemento.

Dentro das actividades a realizar enmárcanse accións de información e orientación que pretenden difundir como se xeran as ideas empresariais e romper os mitos sobre a figura da persoa emprendedora, mostrando a través de experiencias persoais que é posible transformar unha idea nunha empresa viable.

O Plan Municipal de Emprego e Economía Social prevé manter e innovar as accións de asesoramento e acompañamento a grupos emprendedores, a través de *itinerarios de emprendemento*, priorizando o emprendemento social e colectivo, que implican un proceso integrado de recepción, asistencia técnica, formación e seguimento. Traballarase tanto o proceso de maduración da idea como a análise de viabilidade da proposta empresarial, así como a conformación do grupo e a súa viabilidade societaria.

Mediante a celebración de xornadas técnicas promoveranse empresas sociais e de emprendemento verde, impulsando proxectos de empresas de inclusión social e do sector ambiental, comprometéndose coa adopción de criterios de xustiza social e ambiental e de innovación tecnolóxica necesarios para que melloren a cantidade e a calidade do emprego xerado.

En xeral fomentarase o cooperativismo como forma de organización empresarial baseada na estrutura e funcionamento democráticos, contemplando a adhesión voluntaria e aberta dos socios e socias, a súa participación económica, educación, formación e información e o interese pola comunidade.



En todo caso promoveranse os **principios que orientan a Economía Social**:

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.
- Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade.
- Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

Por outra banda, a dinamización e fortalecemento do sector comercial é unha peza mestra do Plan, e polo tanto, abordaranse accións de dinamización coa participación activa das asociacións de comerciantes.

Tendo en conta que no municipio hai 21 asociacións de comercio, cada unha delas coñecedora das accións que mellor permitirán apoiar o comercio do seu barrio, fomentárase a realización de proxectos nas distintas zonas, mediante a convocatoria de subvencións para proxectos colaborativos de dinamización comercial que se executen dende estas asociacións.

Ademais, a Mesa Local de Comercio, como órgano colexiado de participación, coordinación e cooperación entre a Administración Local e os axentes representativos do sector, facilitará a organización de eventos e campañas encamiñadas á realización daquelas accións que mellor dinamicen o comercio local.

Outras medidas como a elaboración de plans de consolidación, baseados en análises de diagnóstico da situación da empresa, propostas de plans de actuación (solucións á medida) e unha adecuada avaliación da súa implantación, contribuirán a incrementar a capacidade competitiva das empresas e a xeración de emprego.

Por último, a promoción de viveiros virtuais ou a creación dun portal web de difusión comercial para a súa dinamización, mellorarán a visibilidade do comercio tradicional da cidade, e facilitarán a posta en marcha campañas de promoción específicas.

MEDIDAS:

- Desenvolvemento de itinerarios de emprendemento.
- Promoción do desenvolvemento empresarial. Promoción de empresas de economía social como fórmula asociativa de emprendemento.
- Activación de programas de formación e innovación empresarial para as PEMES e o pequeno comercio.



- Compartir metodoloxías de traballo que resulten eficaces para o asesoramento a persoas emprendedoras na cidade.
- Creación de programas de consolidación empresarial. Promoción de programas de apoio a empresas en crise e análise da viabilidade do proxecto empresarial baixo fórmulas da economía social.
- Fomento de espazos colaborativos que fagan visibles as boas prácticas na economía social e potencien a inter-cooperación.
- Promoción de programas de difusión da cultura emprendedora, do cooperativismo que traballen en competencias para o emprendemento nos distintos ciclos de formación regrada e profesional – ocupacional.
- Promoción da actividade comercial.

EIXE VI. COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL

Os concellos son unha administración pública con moi diferentes dimensións. Este carácter diverso e heteroxéneo da administración local non tivo un reflexo normativo con obxecto de ordenar as súas políticas activas de emprego, como si pasou nas comunidades autónomas a través dos Estatutos de Autonomía.

Os concellos teñen escasas competencias en materia de emprego. A maioría desenvolven accións neste eido só se obteñen financiamento externo para iso; ademais, os concellos case nunca tiveron o papel de co-protagonistas no deseño das políticas activas de emprego, que son competencia da comunidade autónoma.

Doutra banda, á hora de concorrer ás subvencións da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, para optar a programas de promoción de Emprego, os concellos non tiveron a consideración de administración pública, xa que na realidade, equipáraselles a entidades privadas ou de fin social (sindicatos, empresarios, ONG, etc.), en lugar de ser unha parte máis da administración pública, con capacidade de executar actuacións nun territorio determinado.

Dende o Concello da Coruña, tense contacto habitual con empresas locais e da súa área de influencia, o que permite adaptar a formación profesional ocupacional e outras accións ás necesidades do mercado laboral e das empresas.

Dende este Plan Municipal de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña traballárase con profesionalidade a empregabilidade, poñendo en marcha programas dotados de metodoloxías de traballo contrastadas, que están a conseguir a inserción laboral de persoas desempregadas e especialmente de aquelas que teñen máis dificultades para atopar un traballo, xa que **neste momento de crise é fácil esquecerse dos colectivos en situación de máis vulnerabilidade, e a administración ten a obriga de contar con eles nesta difícil tarefa.**

A metodoloxía contrastada é a dos Itinerarios Personalizados de Inserción e a intermediación laboral. Cando esta metodoloxía se desenvolve contando cos recursos axeitados, a empregabilidade das persoas aumenta exponencialmente.

A través deste Eixe preténdese propoñer á Administración Autonómica a posta en marcha de programas marco, de duración prolongada (polo menos 3-4 anos), con posibilidade de renovación, de maneira que destes programas marco poidan depender outros proxectos de



información, formación, orientación e intermediación laboral, onde haxa persoal técnico de referencia para as persoas desempregadas durante todo o ano.

O feito de ter que acudir á concorrència competitiva de subvencións que non teñen en conta o carácter diferencial das administracións locais entre si e con outros organismos, dificulta sobremaneira a programación de accións que realmente están a inserir a persoas desempregadas no mercado laboral.

Propónse a creación dun **grupo de traballo**, no que participaría o **Concello da Coruña** e a **Consellería de Traballo**, co obxecto de profundar nos mecanismos de colaboración para a execución de accións e medidas de activación do emprego no municipio.

O mecanismo de colaboración pode tomar forma de **Convenio ou Programa Marco** entre a Consellería de Traballo e o Concello, de maneira que unindo os esforzos municipais, tanto financeiros coma de recursos humanos, coa capacidade de delegación territorial da Xunta de Galicia, poñeranse en marcha políticas integradas para rendibilizar ambas as administracións os resultados positivos que se están obtendo na xestión, tanto de programas propios do Concello coma dos subvencionados pola Consellería.

Neste marco de cooperación interinstitucional, o Concello da Coruña podería **liderar a creación dunha rede de colaboración coas grandes cidades de Galicia**, coa intención de expor de maneira conxunta esta visión da Administración Local como organismo capacitado para a xestión de políticas activas de emprego próximas ao territorio.

Por outra banda, propónse a constitución dun segundo **grupo de traballo** para o desenvolvemento dun **Plan de Acción conxunto cos concellos da área Metropolitana**.

MEDIDAS:

- Sinatura dun Acordo Marco entre a Xunta de Galicia e o Concello de A Coruña para o desenvolvemento de políticas activas de emprego que afecten á cidade, o que conlevaría a implementación de convenios de colaboración para o financiamento e posta en marcha de programas dirixidos a colectivos con especiais dificultades de inserción, cunha duración mínima de tres anos:
 - Capacitación e inserción de mozas e mozos (200 por anualidade).
 - Programa de inserción laboral para 200 persoas desempregadas, maiores de 45 anos.
 - Programa de inserción laboral dirixido a 200 mulleres, priorizando o acceso de mulleres con orde de protección, e establecendo opcións de capacitación profesional de acordo ás demandas dos sectores que xeran máis emprego.
 - Obradoiros de emprego para a rehabilitación de equipamentos ou espazos municipais.
 - Fomento de programas de inserción laboral dirixido a persoas con diversidade funcional.



EIXE VII. ESTRATEXIA TRANSVERSAL: O CONCELLO COMO ENTIDADE XERADORA DE EMPREGO

O Concello da Coruña, ademais de ser unha das entidades que máis persoas emprega na cidade (ao redor de 1.500), a través das accións das súas diferentes áreas de xestión, convértese nunha administración xeradora de emprego por medio de instrumentos como: contratacións urbanísticas, contratacións para a xestión dos equipamentos municipais, conserxerías, limpeza, vixilancia, xestión de residuos urbanos, programas de mobilidade urbana, contratacións culturais, educativas, deportivas, de servizos sociais, etc.; todo isto supón un gran potencial de xeración de emprego.

Doutra banda, o Concello dispón de Empresas e Organismos Municipais que se encargan da xestión directa de servizos como:

Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), que desenvolve as actividades culturais da cidade, o programa de festas tradicionais e xestiona as instalacións municipais de espectáculos: Coliseo, Teatro Rosalía de Castro, auditorio e salas de cinema do Forum Metropolitano. O seu orzamento finánciase cos seus propios ingresos e con transferencias do Orzamento do Concello.

Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A (EMALCSA) é unha sociedade anónima cuxo capital é integramente de propiedade municipal, que ten encomendada a xestión directa do servizo público de abastecemento de auga, a limpeza da rede de sumidoiros o tratamento das augas residuais, así como a prestación de servizos destinados ao fomento da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, análise, deseño e execución de novas estratexias de prestación de servizos municipais, a difusión de información, coñecemento e boas prácticas así como a prestación de servizos e o desenvolvemento de actividades orientadas ao fomento da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, a transferencia e o uso de tecnoloxías emerxentes para o funcionamento urbano. Finánciase cos ingresos xerados pola súa actividade.

A Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades, S.A. (EMVSA). Na actualidade a actividade da empresa está orientada a colaborar co Concello na formulación de instrumentos de contido urbanístico que permitirán executar equipamentos e zonas verdes de espaxamento e lecer para a cidadanía, construír vivendas sometidas a algún réxime de protección, construción de aparcadoiros en zonas da cidade con problemas de estacionamento de vehículos, servizo municipal de aluguer de bicicletas, etc.

Con esta proposta, trataríase de recuperar estas iniciativas empresariais públicas para promover a creación de emprego e o desenvolvemento empresarial na cidade, xa que da definición das súas funcións actuais pódese concluír que entre as súas accións caberían este tipo de proxectos. **Prioritariamente, o financiamento dun equipo de profesionais para o desenvolvemento de plans de innovación no emprego, como o propio desenvolvemento deste Plan Municipal.**



MEDIDAS:

- Elaborar un estudo sobre as posibilidades de contratación nas diferentes áreas municipais para o que se definirá unha estrutura interna liderada pola área de Emprego e Economía Social e integrada polas diferentes áreas do goberno municipal, con especial representación das áreas transversais da intervención municipal.
- Introducir en todos os pregos de contratación municipal como valoración obxectiva para a adxudicación do contrato a proposta de compromiso de contratación, así como cláusulas de emprego de calidade, cláusulas sociais, de igualdade de xénero e de sustentabilidade medioambiental, primar contratacións a tempo completo especialmente o emprego indefinido e explorar as posibilidades de contratación con entidades de economía social e empresas sociais.
- Desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial.
- Acudir ó financiamento europeo para o desenvolvemento de programas e proxectos de promoción de emprego.
- Desenvolvemento de proxectos de rehabilitación de vivendas nos barrios.

EIXE VIII. RESPONSABILIDADE SOCIOLABORAL: FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DA NON DISCRIMINACIÓN SOCIAL.

A igualdade de oportunidades e a loita contra a discriminación sociolaboral son valores transversais que impregnan todo o Plan e que, polo tanto, se terán en conta no deseño, execución e avaliación de todas e cada unha das actuacións a poñer en marcha.

O esforzo conxunto das entidades representativas da cidade e do goberno municipal por traballar con este enfoque deberá contribuír a transformar a realidade cara á redución dos desequilibrios de xénero e sociais detectados. Todo isto implica actuacións no ámbito da sensibilización, da execución de plans e medidas concretas de igualdade e do recoñecemento dos esforzos sociais e empresariais pola diversidade no Emprego.

O obxectivo deste eixe é deseñar e desenvolver estratexias responsables dende o ámbito empresarial e asociativo da cidade, que poñan en valor as políticas empresariais responsables sociolaboralmente, especialmente aquelas que melloran a calidade de vida dos colectivos máis desfavorecidos da cidade, identificando todas as boas prácticas que se produzan e habilitando estratexias de transferencia efectivas ás políticas ordinarias de emprego.

Informar, sensibilizar e visibilizar son pezas crave para poder contribuír ao desenvolvemento da sociedade a través do acceso ao mercado laboral en condicións de igualdade, así como tomar conciencia da problemática de certos colectivos socialmente desfavorecidos, para ampliar coñecementos (e eliminar prexuízos) que conduzan a condutas integradoras.

Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Ademais da integración transversal da perspectiva de xénero en todas as accións do Plan Municipal de Emprego, inclúense medidas específicas para promover a igualdade de oportunidades, co obxectivo de eliminar barreiras de acceso ao emprego e a súa promoción a



postos de responsabilidade, facilitando a participación das mulleres na formación, en prácticas e en procesos de mellora profesional.

Loita contra a discriminación e exclusión social

Coa crise destes anos, póñense de manifesto os límites do modelo de integración social actual. A dificultade para facer chegar a toda a cidadanía o benestar e a aparición de novos colectivos de traballadores e traballadoras non especializados que poden chegar ao risco de exclusión, configura un novo escenario para a integración nun mercado de traballo que xera moi poucas ofertas de emprego e algunhas moi especializadas, o cal supón a existencia de minorías que poderían quedar condenadas á exclusión social.

As estatísticas do Servizo Público de Emprego de Galicia revelan que o número de persoas con algunha discapacidade, que queren acceder ao mercado de traballo, ascende a un total de 6.936, valor que supón o 2,4% do total de poboación demandante de emprego.

A igualdade no acceso e na permanencia no emprego é un factor clave de participación social e de independencia económica das persoas en idade laboral, pero as taxas de actividade e de ocupación de persoas con algún tipo de discapacidade, son sensiblemente inferiores ao resto da poboación. A inserción laboral constitúe a mellor vía de recoñecemento social e de satisfacción persoal, polo que é preciso desenvolver accións dirixidas a conseguir estes obxectivos.

MEDIDAS:

- Fomento de plans de igualdade no ámbito municipal, a nivel institucional, asociativo e empresarial.
- Bolsas de conciliación para a asistencia a formación para o emprego.
- Medidas de flexibilidade horaria por conciliación, para a participación en accións de acceso ao emprego.
- Incentivos á participación de mulleres en proxectos de autoemprego, actuando sobre as dificultades de acceso ao financiamento, e traballando na sensibilización empresarial respecto das medidas de conciliación, dirixidas a mulleres e especialmente a homes.
- Transferencia de boas prácticas no ámbito empresarial, relacionadas coa conciliación e co acceso das mulleres a postos de responsabilidade.
- Accións de formación e sensibilización en diferentes niveis educativos para promover a diversificación profesional.
- Programas personalizados de apoio ao acceso ao emprego dirixidos a mulleres en situación de discriminación múltiple (discapacidade, violencia de xénero, inmigrantes...). Especialmente aquelas atendidas polos servizos municipais especializados (CIM, CAM...)
- Constitución dunha “Rede empresarial coruñesa” de responsabilidade social no denominado pola OIT “***traballo decente***”.
- Incorporación de cláusulas sociais, de emprego de calidade, de igualdade de xénero e de sustentabilidade medioambiental en todos os procesos de contratación municipal.
- Fomento da contratación municipal con Empresas de Inserción Laboral e/ou Centros Especiais de Emprego.



6. AVALIACIÓN E TRANSFERENCIA

O Plan Municipal de Emprego será sometido a diferentes tipos de avaliación, de acordo ao dinamismo que se espera dunha ferramenta deseñada como froito da cooperación interinstitucional e cidadá.

Neste sentido, expónse unha avaliación continua dos programas, proxectos e medidas que se poñan en marcha, pero tamén do contexto no que se implementan, o que permitirá establecer os cambios necesarios para a adaptación da programación ás variacións que se detecten.

A partir da recollida e análise de información mediante métodos e técnicas rigorosos, a avaliación do Plan terá por finalidade obter un coñecemento preciso sobre as intervencións realizadas, que permita emitir unha valoración sobre as mesmas que sexa de utilidade para futuras situacións e accións prácticas.

A avaliación terá unha periodicidade semestral e será unha Comisión de Avaliación, na que participará persoal técnico municipal e das entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego, a encargada de levala a cabo. Concretamente, realizarase:

- Unha avaliación da execución das actividades e da súa cobertura á poboación obxectivo.
- Unha avaliación de resultados obtidos coas diferentes intervencións, en función de indicadores previamente establecidos.
- Unha avaliación económica, que se centrará en analizar os recursos, materiais e humanos, investidos nos diferentes programas e/ou medidas.
- Unha avaliación do impacto de xénero do Plan e do incremento da inclusión social dos colectivos en situación de maior vulnerabilidade.
- Deseño e implantación dun procedemento de seguimento e análise do impacto dos programas e do resultado do Plan

A avaliación da execución do Plan e dos seus resultados por parte da Comisión facilitará a detección de boas prácticas susceptibles de ser transferidas ás políticas ordinarias de emprego. Avaliación e transferencia serán aspectos indisolubles e puntos de partida para deseñar novos Plans que incorporen o aprendido en etapas anteriores.

7. TEMPORALIZACIÓN

O Plan Municipal de Emprego desenvolverase entre os anos 2015 e 2019, tendo en conta a planificación conxunta das medidas e das accións coas entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego, o período de execución e o de avaliación do mesmo.

A primeira fase de planificación e consenso do Plan inicial desenvólvese, no período de setembro a decembro de 2015.

A operativización técnica de medidas, programas, proxectos e accións así como a súa posta en marcha, realízase a través das correspondentes Comisións e Mesas Temáticas do Pacto Local polo Emprego da cidade da Coruña, a desenvolver de xeito continuado entre 2016 e 2019.

A avaliación do Plan será continua, periodificándose en función da priorización das accións por anualidades, así como dos indicadores de resultado.

Por último, ademais dos informes semestrais de avance de execución que emitirá o Concello da Coruña, elaborárase unha memoria final dos resultados e do impacto social acadado coa execución do Plan.

8. ORZAMENTO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMIA SOCIAL

	2016
CUSTOS DO PERSOAL PARA TODO O PLAN:	139.000,00
<i>Persoal coordinación (2 persoas)</i>	82.000,00
<i>Persoal técnico (1 persoa)</i>	35.000,00
<i>Auxiliar administrativo (1 persoa)</i>	22.000,00
Eixo I. Participación cidadá	
Eixo II. Diagnóstico socioeconómico e prospección laboral	25.000,00
<i>Estudos de prospección en sectores potencialmente xeradores de emprego.</i>	25.000,00
<i>Estudos sobre necesidades das empresas que se instalarán nos polígonos construídos na contorna do porto exterior.</i>	
<i>Estudo sobre os sectores onde se pode emprender con garantías de éxito.</i>	
<i>Análise das necesidades formativas dos diferentes sectores produtivos.</i>	
Eixo III. Calidade e innovación	130.000,00
<i>Subvencións para accións de desenvolvemento empresarial a proxectos de innovación exportación e de economía social.</i>	100.000,00
<i>Desenvolvemento do programa de axentes de innovación nas empresas.</i>	30.000,00
Eixo IV. Cooperación interinstitucional	100.000,00
<i>Firma dun Acordo Marco entre a Xunta de Galicia e o Concello de A Coruña para o desenvolvemento de políticas activas de emprego que afecten á cidade (achega municipal 20% de 500.000)</i>	100.000,00
Eixo V. Estratexia transversal: o concello como entidade xeradora de emprego	12.000,00
<i>Estudo sobre as posibilidades de contratación nas diferentes concellerías</i>	12.000,00
Eixo VI. Promoción do emprego	1.170.000,00
<i>Cursos de formación para o emprego</i>	645.000,00
<i>Desenvolvemento de itinerarios integrados de inserción laboral</i>	275.000,00
<i>Solicitude de subvención Garantía Xuvenil (achega municipal 20% de 1.000.000)</i>	200.000,00
<i>Solicitude de subvención Programa Operativo (Rede III) (achega municipal 20% de 400.000)</i>	50.000,00
Eixo VII. Actividade empresarial	1.001.000,00
<i>Programas de difusión da cultura emprendedora.</i>	50.000,00
<i>Dinamización comercial</i>	700.000,00
<i>Banco de aluguer e paxina web</i>	191.000,00
<i>Programas de formación para o emprendemento e a consolidación empresarial</i>	60.000,00
Eixo VIII. Responsabilidade sociolaboral	12.000,00
<i>Fomento de plans de igualdade no ámbito municipal, a nivel institucional, asociativo e empresarial.</i>	
<i>Accións de formación e sensibilización en diferentes niveis educativos para promover a diversificación profesional.</i>	10.000,00
<i>Participación en redes de intercambio metodolóxico e técnico con diferentes proxectos e cidades.</i>	2.000,00
	2.589.000,00
IMPORTES ANUAIS DA ACHEGA DEPUTACION	139.000,00
IMPORTES ANUAIS DA ACHEGA MUNICIPAL	2.450.000,00
ACHEGA DEPUTACION (%)	5%
ACHEGA MUNICIPAL (%)	95%

A Coruña, 1 de febreiro de 2016